

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE MAIO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto . Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 27 de abril de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a rectificación de erro nos acordos números 4/1094, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do día sete de decembro de 2006, e 4/801 da Xunta de Goberno Local do 22 de decembro de 2010, polo que se concedía licenza de parcelamento na parcela matriz sita no núcleo rural tradicional de Cardelle, parroquia de San Xoán de Tirimol.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para desmontaxe de fachadas de pedra, galería de madeira e muro medianeiro co soar número 63, para posterior reconstrución, no edificio coa licenza de obras número 46/2011, sito na praza Campo Castelo, número 64; para modificación do edificio en construción coa licenza anterior número 20/2010, sita na rúa Pintor Villamil, número 2; para apertura de oco no forxado da planta baixa e construción de escaleira ao soto existente para uso de almacén, na rúa da Raíña, número 11;

para legalización de modificacións no edificio construído coa licenza de obras número 430/99, sito na rúa Camiño Verde, número 44 e para legalización de instalación fotovoltaica na parcela 77, polígono 381, lugar de Vilar, numero 36.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase o procedemento de licitación para a autorización de instalación de postos de venda de mercadorías no Arde Lucus 2011.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas, do documento “Deseño de sinalización do recinto amurallado de Lugo” e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración e instalación de sinais no recinto amurallado de Lugo. Actuación enmarcada no proxecto urban co cofinanciamento do 70% da unión europea a través do fondo Europeo de desenvolvemento rexional (PO Feder Galicia 2007-2013), proxecto 10UR4202 urban sinalización e a apertura do procedemento de contratación.

Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e as condicións técnicas establecidas na proposta de Servizos Sociais, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación da subministración de mobiliario de cociña accesible e electrodomésticos para tres vivendas no edificio da parcela número 2 da unidade de actuación N-21 na rúa Manuel Leiras Pulpeiro e a apertura do procedemento de contratación.

ÁREA DE ALCALDÍA

3. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase a estimación da reclamación de responsabilidade patrimonial, incoada por danos causados no vehículo 0579-BTH, como consecuencia de inundacións na rúa Mestre Soutullo.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a aprobación das obras a executar ao abeiro do “Plan extraordinario de obra pública”, segundo o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, asinado o 17 de decembro de 2010.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refº: 11extractoxg21.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-5-2011

“Rexeneración de pavimento na ronda de Fingoi”, “Rexeneración de pavimento na avenida de Paulo Fabio”e “Rexeneración de pavimento na avenida da Coruña”.

Lugo, 5 de maio de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Doposo García